

EXERCICIOS DE VALORACIÓN DE EXISTENCIAS

1. Unha empresa que se dedica á comercialización de lavadoras ten ó comezo do ano 2004, 100 unidades no almacén valoradas en 600 euros a unidade. Ó longo de dito exercicio realizou as seguintes operacións: en febreiro comprou 100 unidades a 670 euros/unidade. En marzo, vendeu 150 unidades. En xullo, comprou 200 unidades a 710 euros/unidade. En setembro, vendeu 120 unidades e finalmente en decembro, comprou 200 unidades a 880 euros/unidade.

Pídese: Valorar as existencias de mercadorías a 31 de decembro segundo: a) O método FIFO. (1 pto.). b) O método PMP. (1 pto.). c) Comenta as diferenzas dos resultados obtidos nos apartados anteriores. (0,5 pts.)

2. A empresa ALFA, S.A. comercializa recambios de coches. A principios do mes de xaneiro do 2004 contaba cunhas existencias de 1.200 unidades a un prezo de 400 u.m. por unidade. Durante o mes de xaneiro realizou as seguintes operacións: o día 3 compra 350 unidades a 600 u.m. por unidade; o día 10 compra 750 unidades a 850 u.m. por unidade; o día 18 vende 400 unidades; o día 20 vende 1.200 unidades; o 24 compra 300 unidades a 1.200 u.m. por unidade e o día 30 vende 600 unidades.

Pídese: a) Valora as existencias de mercadorías no almacén a finais de mes polo método FIFO (1 pto). b) Valora as existencias de mercadorías no almacén a finais de mes de acordo co método PMP (1 pto), c) Explica as diferenzas entre os resultados obtidos por ambos métodos (0,5 pts).

3. O almacén dunha empresa rexistra os seguintes movementos das existencias a o longo do ano 2003. O 2 de xaneiro: Compra 60 unidades a 700 euros; o 18 de febreiro compra 50 unidades a 750 euros; o 9 de maio vende 80 unidades; o 14 de xuño compra 10 unidades a 770 euros e o 30 de setembro vende 20 unidades. Supoñendo que existen 30 unidades de existencias iniciais valoradas a 690 euros.

Pídese: a) Calcular as existencias finais de mercadorías polo método PMP (1 pto). b) Calcular as existencias finais de mercadorías polo método FIFO (1 pto). c) Baseándote nos resultados anteriores, comentar brevemente a importancia que para a empresa ten a elección do método de valoración de existencias. (0, 5 pts).

4. O almacén dunha empresa rexistra os seguintes movementos das existencias ó longo do ano 2003. En Xaneiro: Compra 200 unidades a 0,8€ e Vende 500 unidades; Febreiro: Compra 100 unidades a 0,6€ e Vende 300 unidades; Marzo: Compra 600 unidades a 0,9€ e Vende 400 unidades.

Pídese: a) Sabendo que as existencias iniciais eran de 1.000 unidades, compradas a 0,7€, calcular mediante o método FIFO cal sería o valor de almacén o final do mes de Marzo (1 pto).b) Calcular o valor das vendas neses tres meses (1 pto), c) Explicar a diferenza entre valorar os stocks por este método e polo do prezo medio ponderado (0,5 pts).

5. Unha empresa rexistrou as seguintes operacións no seu almacén durante o mes de febreiro:

01-02 EXISTENCIAS INICIAIS: 500 unidades a 750 euros por unidade.

10-02 COMPRA: 750 unidades a 770 euros por unidade

15-02 VENTA: 1.000 unidades

19-02 COMPRA: 800 unidades a 875 euros por unidade

28-02 VENTA: 975 unidades

a)Elaborar a ficha de almacén desta empresa utilizando o método PMP (1 pto.)

b)Elaborar a ficha de almacén desta empresa utilizando o método F.I.F.O e explica a diferenza fundamental entre os métodos L.I.F.O. e PMP de valoración de existencias (1 pto.)

c)¿ Cal dos métodos se aproxima máis a unha valoración real das existencias nun entorno de inflación?.

¿Por qué? (1 pto.)